

MOCIÓN DE AER SOBRE A ORDE DAS MOCIÓNS NOS PLENOS

PLENO 27 FEBREIRO 2014. ACTA 3/2014

“Ven sendo habitual que nos plenos ordinarios queden atrás mocións que tratan integramente de temas sobre o noso concello e que se poden e deben resolver dende esta mesma institución.

Tamén xa ocorreu en moitas ocasións que non podemos fiscalizar o labor do goberno local a través de comparecencias e preguntas por falta de tempo nas sesións plenarias. Moitas veces, esta falta de tempo débese a que no pleno tamén se tratan abundantes temas que son competencia doutras institucións, como o parlamento galego ou o español. Non dicimos que non sexan temas importantes para a cidadanía en xeral e tamén para os veciños e veciñas de Redondela, nin que non se deban debater neste pleno; pero dado que só temos un día ao mes para debater e tomar acordos sobre os asuntos de Redondela, e dado que os partidos aquí representados teñen tamén representación en ditos parlamentos, pensamos que debe darse prioridade ás propostas sobre competencias municipais.

Polo que propoñemos ao pleno municipal o seguinte **ACORDO**:

- Nos plenos ordinarios trataranse primeiro as mocións que versen sobre temas que son competencia do Concello de Redondela.”

VOTACIÓN E ACORDO.-

O concello pleno, en votación ordinaria rexeita, sendo vinte votos en contra (10 PP, 8 PSdeGPSOE e 2 BNG) e un a favor (AER), a moción presentada polo grupo municipal de AER sobre a orde das mocións nos plenos.